



# CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 17 DE XUÑO DO 2020

### **Alcalde-Presidente:**

Carlos Ladra Brage

### **ASISTENTES**

#### **Concelleiros/as;**

#### **Grupo político municipal PSdG-PSOE**

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M<sup>a</sup>. Rodríguez Fernández

#### **Grupo político municipal BNG:**

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

#### **Grupo político municipal PP:**

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela (participación telemática).

#### **Grupo Mixto:**

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

### **AUSENCIAS XUSTIFICADAS:**

#### **Secretaria-Interventora:**

Irene Suárez López

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dez horas, do 17 de xuño de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaria-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

## ORDE DO DÍA

### **1º.- Sorteo elección membros mesas electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo do 2020.**

Procédese á realización do correspondente SORTEO de conformidade co programa informático, no que figuran os membros do censo electoral de conformidade co establecido no artigo 26 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, dos membros que formarán as mesas electorais (presidentes e vocais).

O Censo electoral utilizado para o sorteo, é o CER (Censo de Españois Residente), facilitado pola Oficina do Censo Electoral.

A citada aplicación, á hora de proceder ó sorteo, realiza un primeiro filtro sobre o mencionado censo, seleccionando aos menores de 70 anos e que saiban ler e escribir, como posibles candidatos ás mesas e un segundo filtro entre o resultado do primeiro, seleccionado aos que teñen título de bacharelato, FP II ou superior para o posto de presidente/a das mesmas.

De seguido procédese ao sorteo e unha vez realizado dáse lectura aos membros de cada unha das mesas.

### **2º.- Proposta de delegación na Administración Xeral da Comunidade Autónoma das competencias relativas á convocatoria dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do Corpo de Policía Local.**

Obra no expediente a proposta que se transcribe literalmente:



**EXPEDIENTE 709/2020**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA.- DELEGACIÓN NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DAS COMPETENCIAS RELATIVAS Á CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DO CORPO DE POLICÍA LOCAL.**

*Visto o borrador do convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.*

*Considerando o previsto na cláusula primeira do dito convenio, esta Alcaldía, no uso das competencias que lle confire a lexislación vixente PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** *Delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do convenio que se asinará coa Academia Galega de Seguridade de Galicia.*

**SEGUNDO.-** *Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio e todos os trámites derivados do mesmo.*

**TERCEIRO.-** *Dar traslado do presente acordo á Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia.*

De seguido intervén o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** que di que lle gustaría unha explicación de porqué o asunto non se levou a unha comisión informativa.

O **Alcalde** di que foi por un tema de prazos, non houbo tempo para levar a cabo a convocatoria da comisión informativa.

O concelleiro di que supón que se dará conta na vindeira comisión informativa que se celebre, tal e como establece a normativa.

O Alcalde di que si.

**Sometida a votación a ratificación da inclusión do punto na orde do día é aprobada por unanimidade dos presentes ( 11 votos).**

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** pregunta cal é o proceso selectivo que está encargado.

O **Alcalde** explica que teñen solicitada a incorporación de dous auxiliares de Policía.

O concelleiro súxírelle ao Alcalde que vaia pensando tamén en solicitar vixiantes, xa que considera que lle van a facer falla.

**Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos asistentes ( 11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** *Delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do convenio que se asinará coa Academia Galega de Seguridade de Galicia.*

**SEGUNDO.-** *Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio e todos os trámites derivados do mesmo.*

**TERCEIRO.-** *Dar traslado do presente acordo á Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia.*





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as dez horas e dez minutos estendéndose a presente acta da que, eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº

